

Salceda nomea o seu primeiro oficial de policía local

Páxina VI

Tui acolle 3 festivais en agosto

Páxina VIII

Entra en funcionamento a Oficina Virtual Tributaria de Tui

Páxina IX

A Deputación apoia o proxecto da variante do acceso sur do porto da Guarda

Páxina XI

Entrevista a María Jesús Mera, arquitecta ponteareana premiada no Festival de Xardíns de Ponte de Lima

Páxina XV

Entrevistas



Juan Carlos González Carrera, voceiro de Alternativa Cidadá de Ponteareas (ACiP)

"O rural pode impulsar o cambio en Ponteareas"


Páxina IV



Belén Villar, voceira do PP de Ponteareas

"Os meus esforzos están destinados a reactivar a vida do partido"

páxina III



OPINIÓN

Emilio e Pepe Flores, irmáns e gaiteiros

Por Manuel Estévez

Dous rosaleiros exemplares, irmáns e gaiteiros, homes enraizados coas súas orixes, terra e veciñanza, Miranxe e O Rosal, vencellados ao punteiro, alambique, palleta, ensino, asociación, colexios e romarías.

Nomes significativos doutroa do triángulo Sur de Galicia, foran Manuel da Ventosela, Ulloa entre outros moitos que influirán na paixón de Emilio e Pepe Flores para cumprirse o soño e convertelo no seu modo de vivir. A gaita.

Hoxe forman parte da nómina de galegos ilustres de Galicia semellantes aqueles outros, o de Penalta ou Mourillóns, Manuel Casto González ao que Curros Enríquez dedicou poemas. Da mesma familia que Faustino Santalices, Avelino Cachafeiro de Soutelo de Montes, Ricardo Emilio Portela Bouzas nado en Viascón, Xocas

de Pazos de Borbén ou os herdeiros que hoxendía espallan cultura polo mundo a través das palletas, sexan Carlos Nuñez, Budiño, Silvia Pato e mesmo Susana Sevane.

Ao calor do pote e cheiro a bagazo, Pepe en Novás, Emilio en Fornelos, repararon tardes e noites, faladoiros ou transmisión de coñecementos do roncón que habían adquirido noutros tempos difíciles marcados pola Guerra Civil. A beira da serpentina con rapazas e rapaces, iniciándose neste ambiente de sensacións aromáticas e do pentagrama, os mesmos que despois formarían Verde Arboreda e máis tarde integrados na Agrupación Musical, con saudades tamén doutros nexos familiares e veciños que xa non están, que tanto tempo dedicaron por materializar o proxecto musical, mesmo dicir Francisco Flores ou Antonio Granja.

O nonaxenario Nemesio Castro de Martín,



Emilio, acordeón e Pepe, saxo e outros compoñentes da Orquestra Flores, entre eles Alfonso Estévez (Sátiro), batería.

foi e segue sendo outro axitador tanto dos Muíños do Folón como para os músicos rosaleiros e igual que outra veciña de Novás, Marcola González, o Concello que preside Ánxela Fernández Callis, acaba de presentar dous libros e documentales do patrimonio inmaterial, convertindo am-

bolosdous nos protagonistas ao mesmo tempo que o titulado "Os Irmans Flores. Os Gaiteiros de Novás" da autoría de Xerardo F. Santomé e Xosé Miguelez que recolle a cultura da gaitada en tempos máis dificultosos que agora e a traxectoria vital dos Flores. Un luxo.

Sinatura convidada: Roberto Mansilla Blanco

Madre Patria

España é un país cuxa historia está en perenne estado de revisionismo. Ese proceso alcanza cotas importantes dentro do mundo editorial, con libros que traducen un determinado interese do público en xeral por "re-coñecer" un pasado inconcluso e moitas veces lastrado de estereotipos.

Un caso significativo ten que ver coa popular "lenda negra española". En 2016, a historiadora española María Elvira Roca Barea publicou un éxito de superventas editorial: "Imperiofobia y leyenda negra. Roma, Rusia, EE.UU y el Imperio español". A tese do libro baséase en desmontar a histórica "lenda negra española", atribuíndo a ingleses e holandeses a súa autoría para desprestixiar ao Imperio español, principalmente pola súa empresa colonial nas Américas e as súas poboacións indíxenas orixinarias.

Este libro leva máis dunha centena de reimpresións e máis de 100.000 lectores, pero non está exento da polémica: en decembro de 2019, o diario El País publicou o artigo "Las citas tergiversadas del superventas sobre la leyenda negra española",

no que argumentaba que as teses de Roca Barea contén "citas imprecisas, tergiversadas y apócrifas que contribuyen a sostener la tesis del libro: la hispanofobia perdura en el siglo XXI y obedece a tópicos falsos que fabricó especialmente el mundo protestante por la envidia que suscitaba el Imperio español en el siglo XVI". Ao libro de Roca Barea lle saíu competidor editorial para confrontar esas teses, a través do texto de José Luis Villacañas, Imperiofilia y el populismo nacional-católico. Desmontando Imperiofobia".

Hoxe temos unha continuidade editorial desas teses de Roca Barea no libro do politólogo arxentino Marcelo Gullo Omodeo, publicado este 2021 e xa con segunda edición, cuxo título é por demais tan suxerente como atractivo: "Madre Patria. Desmontando la leyenda negra desde Bartolomé de las Casas hasta el separatismo catalán". Así de claro.

Falando de marketing, pero neste caso político ou "imperial", Gullo Omodeo argumenta que a lenda negra española foi "a obra mais xenial do marketing político británico" sobre os crimes españois nas

Américas, unha "falsificación da historia" que tamén recolleu durante o século XX a ex URSS e que tivo predicamento no campo cultural e político das esquerdas.

Nestes días, o diario El Mundo entrevistou ao autor deste libro, quen probablemente atópase en pleno marketing editorial do mesmo, deixando unha frase igualmente provocativa: "España no conquistó América; España liberó América". Considera Gullo Amodeo que, durante o século XX, a esquerda latinoamericana, dende Mariátegui ata o propio Che Guevara, admiraba a empresa imperial dos conquistadores españois.

Compre por tanto considerar a qué se debe este boom editorial revisionista, neste caso sobre o pasado imperial español e a controvertida "lenda negra española". Hai obviamente perspectiva política nisto. Nos últimos meses temos observado durante as protestas sociais en países latinoamericanos como México, Colombia e Chile, o derrumbe de estatuas de Cristóbal Colón e de todo aquilo que identificara co pasado imperial español.

Por outra banda, e retomando o subtítulo do libro de Gullo Amodeo, queda claro que algunha influencia ten a aparición do procés catalán para que, neste caso dende a outra beira do Atlántico, se apostara

por un revisionismo "hispanófilo". Acudo así ao índice deste libro. O seu capítulo 13 intitúlase "El separatismo catalán y la puñalada geopolítica" e o derradeiro capítulo, o 14, ten como título "Para que España siga sendo España". Curioso que o autor non tivera a mesma sensibilidade coas expectativas e dereitos de autodeterminación de nacións sen Estado como Cataluña.

Parecera, por tanto, que este boom editorial revisionista "hispanófilo" tratárase de cuestións de "patrias" ou de "madres patrias". Independentemente de calquera visión reaccionaria, está por ver se este revisionismo pode contribuír a un debate, plural e honesto, sobre ese pasado histórico.

Como dato curioso, pregaria reflexionar se, ao carón deste revisionismo editorial das "patrias", a declaración da segunda vicepresidenta e ministra do Traballo, Yolanda Díaz, considerando o concepto de "Matria" como "proxecto de país" pode igualmente contribuír, cando menos colateral e indirectamente, a pór sobre a mesa a necesidade de amplitude dese debate revisionista.



Entrevista a Belén Villar, voceira do PP de Ponteareas

“Os meus esforzos están destinados a reactivar a vida do partido”

Belén Villar, de Ribadetea (Ponteareas), é licenciada en Económicas pola Universidade de Vigo, exerce como directora financeira

dende o ano 2008. Foi concelleira de Facenda dende 2011 a 2015. No ano 2018 asumiu a presidencia do PP de Ponteareas. Actualmente é concelleira.

Dende o 2018 que pasaches a presidir ao PP local como ves a evolución do voso Partido?

Non foi tarefa doada. As renovacións nunca gustan a todos, tiveron que incorporar novas caras e tomar decisións moi difíciles. O auxe de formacións políticas como Cidadáns ou Vox fixeron que os meus esforzos se dirixiran en unir ao partido e reactivar a súa actividade que estaba mermaada nos últimos anos. O contacto permanente cos simpatizantes e ter un proxecto para Ponteareas foron os meus primeiros pasos e creo que estamos no bo camiño. **Un tema recorrente da Oposición está sendo a cuestión do que lle custa aos cidadáns o novo Goberno Local. Dende o Goberno aseguran que non houbo eses aumentos que denunciades. Como te defendes?**

Non teño que defenderme. Só invito aos cidadáns a que consulten os documentos públicos do BOP no que están publicados os salarios. En comparación ao custo de 2014, o gasto actual do Goberno supón unha suba do 94%. Para gobernar o mesmo concello que hai 6 anos, agora hai máis dedicacións e ampliaron os salarios que perciben tanto a

alcaldesa como os concelleiros e os grupos políticos. É o custo que supón ter un Goberno Bipartito no que BNG e PSOE queren ter as mesmas condicións e non rebaixar os seus intereses. Cando Goberna un único partido eses gastos recórtanse, o mesmo sucede no Goberno da Nación, é o máis custoso e o que máis ministerios ten, debido ao reparto PSOE-PODEMOS.

A nova alcaldesa Cristina Fernández Davila asegurou ao noso medio que "o Concello non ten débedas" e que "as contas están saneadas". Como analizades este asunto dende a Oposición?

A falta de liquidez non a denuncia o PP. O denuncia a Tesoureira do Concello porque emite informes que chaman á responsabilidade no gasto, informa de que estamos en números vermellos. O denuncian os traballadores que seguen ser percibir os seus aumentos salariais e complementos con anos de atrasos. O recoñece o propio Goberno bipartito que ven este mes de firmar outra solicitude de préstamo por valor de 1,17 millóns de euros cun banco o que supón xa un endebedamento de 5 millóns de euros

a abonar en 15 anos. Se as contas están saneadas non estarían pedindo cartos todos os días ás administracións e aos bancos.

Por que o PP de Ponteareas se abstivo de votar o PXOM? Como valora as dificultades de construción no rural en favor das zonas urbanas?

Nos abstivemos por responsabilidade, o PXOM é necesario, Ponteareas non pode agardar máis. Só no caso do derribo de Eroski estamos a falar da vida e do futuro de moitas familias que estaban a esperar esta aprobación e rectificación dende hai anos. Este documento foi redactado e aprobado inicialmente polo noso partido pero o bipartito decidiu facer cambios que non nos gustan. Eliminaron as vivendas de protección oficial, coartaron o crecemento do rural, non permitindo construír en moitas parcelas que eran edificables, non desenvolven o Plan Parcial de A Lomba, todo elo motivos suficientes para non apoiar o documento cun voto favorable. Non obstante, a nosa responsabilidade é que o documento siga adiante, polo interese xeral dos nosos veciños, pero polo exposto anteriormente non podemos amosar a nosa confor-



midade total ao documento, xa que estaríamos traizoando o noso sentir e o noso compromiso co rural e co noso pobo.

Ademais, no caso do crecemento do rural, que o aniquilan, moitos particulares que recibiron licencia de construción para vivendas unifamiliares nos últimos dous anos van quedar fora de ordenación, polo que coa aprobación deste documento quedan nunha situación de inseguridade urbanística total.

Auditorio Municipal. O goberno actual acusa da súa deficiencia a gobernos anteriores; a Oposición ao goberno actual; cal é a situación real deste tema?

Pois iso nos gustaría saber. Primeiro botáronlle a culpa ao PP, que foi o partido que construíu esa infraestrutura hai máis de 10 anos. Cando dende o PP comezamos a solicitar informes de mantementos, de traballos básicos realizados e de cando comezaron os desperfectos parece que o Goberno bipartito quedou mudo. Non esquezamos que antes de estralar a pandemia, neste auditorio víñanse celebrando con frecuencia actividades de cine para nenos, actos políticos e propios do Concello. Se a situación é tan grave como denunciaron dende o BNG, dende logo foi unha irresponsabilidade autorizar o uso desta instalación. Estamos á espera de que alguén nos informe pero polo momento non recibimos

máis que silencio.

Finalmente, lle damos espazo para que envíe unha mensaxe á cidadanía ponteareán.

A Covid-19 mudou a nosa forma de vivir e pensar e por iso debemos coidarnos e ter claro que a responsabilidade individual é a única que vai loitar con esta enfermidade.

Por outra banda non quero desaproveitar a ocasión para por en valor o traballo que os meus compañeiros e máis eu estamos a facer dende a difícil posición de oposición. Solicitando á Xunta de Galicia reformas e ampliación de persoal no Centro de Saúde, reformas nos centros educativos como o CEIP Fermín Bouza Brey, a declaración de ARI do noso Núcleo Urbano, a colaboración na ampliación da EDAR municipal ou no Saneamento de Ribadetea. Gustaríanos que a Deputación e o Concello de Ponteareas tiveran o mesmo grado de implicación que a administración autonómica está a ter co noso pobo, só así remando na mesma dirección faremos un Ponteareas máis próspero.

Por último invito aos nosos veciños a que fagan unha reflexión sobre o que merece Ponteareas, a que estuden o noso proxecto e que se sumen ao mesmo. Somos do PP pero primeiramente somos de Ponteareas, no noso camiño todos teñen cabida se o interese final é rexurdir esta vila, a Vila do Corpus.



De esquerda a dereita: Juan Constenla, Diego Gago, Ana Pastor, Belén Villar e Javier Bas na sede do PP de Ponteareas.

ENTREVISTA

Entrevista de Guillermo Rodríguez

Juan Carlos González Carrera | Portavoz de Alternativa Cidadá de Ponteareas (ACiP)

"O rural pode impulsar o cambio en Ponteareas"

Juan Carlos González Carrera é empresario e voceiro de Alternativa Cidadá de Ponteareas (ACiP), con catro concelleiros na Corporación, da que forma parte desde 1995.

ACiP denunciou que o goberνό anulou 88.000 euros en partidas de emerxencia social e fomento de emprego. Isto é o que vai para o Banco de Alimentos?

Non. O capítulo de emerxencia social destínase ás familias que estean pasando dificultades económicas: que non poida pagar o aluguer, o recibo da luz, etc. Esta partida incrementouse o ano pasado pola presión de ACiP.

Coa chegada da COVID 19, entendíamos que había que incrementar esa partida. É mais, somos os que dixemos que isto apenas acababa de comezar. Entón incrementouse esa partida, que se puxo en 200.000 euros. Este ano, de golpe e porrazo, o goberno actual retira 50.000€ desa partida e 38.000 de fomento ao emprego. Total, 88.000€. Nós non aceptamos esa solución; entendemos que non sabemos o que pasará no resto do ano.

Existen partidas da Xunta e do Goberno central para estes casos. Podíamos pensar que suplirían a aportación municipal?

Non. O que envían a Xunta e o Goberno central son para gastos da COVID 19, non son gastos de emerxencia social. Gostaría que isto quedara moi claro.

Pero os gobernos municipais tiveron este ano tiveron este ano uns gastos que antes non tiñan.

Sí. Gastos superiores aos que recibe da Xunta e do Estado. Os Concellos están soportando gastos que non tiñan porqué soportar polas consecuencias da COVID e reciben cantidades da Xunta e do Estado que non chegan a suplir o gasto real.

Os veciños acusan esta falta de recursos?

Non existe un estudo real da situación. Nós sabemos que hai

familias que non acoden aos servizos sociais por vergoña ou porque carecen da información adecuada. Desá maneira parecería que hai recursos suficientes porque só se contemplan coas familias que acoden aos servizos sociais. Pero hai moitas máis familias que están pasando moitas máis dificultades e non son informadas destas axudas ás que poden acudir.

ACiP votou en contra do PXOM. Por qué?

Nós, nas tres ocasións que foi este documento a pleno, votamos en contra pola falta de transparencia. Ofrecemos colaboración ao goberno con máis de 160 aportacións. Parte delas estudáronse e parte delas nin se miraron.

Cando o documento foi aprobado en 2016 houbo unhas 3.700 alegacións. Delas, na aprobación provisional, o goberno aceptounas. O documento estivo a exposición pública. A sorpresa estivo na aprobación provisional. O goberno, xustificando o que lle mandara a Xunta, eliminou esas alegacións que tiña aceptado. Logo os veciños non están informados dos cambios por falta de exposición pública novamente. Por tanto, o documento nace morto; caerá por falta de exposición pública. Pero non o digo eu, o din as sentenzas e a xurisprudencia.

A Xunta sabe que iso non foi exposto?

Sí que o sabe. A Xunta só esixe que o documento cumpra coa Lei do Solo. Nunha reunión en Santiago, a única que nos invitaron aos grupos municipais, con Encarna, a secretaria xeral (trátase de Encarnación Rivas Díaz, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda) plantexóuselles a cuestión de se, ao producirse cambios na aprobación inicial, esixiríase unha nova ex-

posición pública. Contestación de Encarna: "non é problema noso. Ese é un problema do Concello". Por tanto, nós non podemos aprobar un documento que sabemos non ten a validez nin a transparencia que ten que ter.

Había tempo para unha nova exposición pública. O goberno tentou xustificarse subindo o documento á páxina web; houbo falta de transparencia. O documento ten que estar exposto publicamente na Casa do Concello. Eles mesmos se dan conta diso e tentarán alargar o máximo no tempo este documento e desde logo que non pase nada antes das próximas eleccións municipais.

Ao parecer, o PXOM elimina a posibilidade de edificación no rural en beneficio do núcleo urbano. Qué opina sobre isto?

A Lei do Solo en Galicia é bastante clara, hai uns máximos de coeficiente de edificabilidade, pero atopámonos cos terreos de Granitos (un pelotazo urbanístico encuberto) e, posiblemente, outros máis.

O documento de 2016 esixía que nos terreos de Granitos houbera edificación de vivendas cun 30% de protección oficial. Foron cambiada por 8.000 m2 para uso comercial. É aínda poden facer sótanos debaixo dese terreo.

É un pelotazo urbanístico? Pode ser. Se tiveran que construír vivenda correrían un risco porque terían que construír e vender. Como se elimina ese 30% de protección oficial a golpe e porrazo é algo que non entendo. Qué beneficio obtén o Concello? Ningún, porque o que cede Granitos ao Concello é o que a Lei do Solo de Galicia esixe. O que fixo o Concello foi rematar coa posibilidade de vivenda de protección oficial. Na finca de Sarmiento, máis do mesmo.



Pero na finca de Sarmiento autorízanse vivendas?

Sí. E será un gran problema para a situación do aparcamento actual. Ese aparcamento está agora en superficie privada. Sobre ese aparcamento hai un requirimento da Dirección Xeral de Patrimonio que non o autoriza porque está catalogado dentro da finca e a ficha técnica que o goberno bipartito elaborou non o contempla. No momento en que empecen a construír, ten que desaparecer.

Qué pasa coa edificabilidade nas aldeas?

Réstanlle o 70% da superficie. O beneficio é do casco urbano. Os que tanto presumían de favorecer ao rural, fan todo o contrario. Non cren no noso rural.

O abandono dos parques municipais. Qué denuncia ACiP?

Creo que é algo que coñecemos todos e que podemos ver diariamente no abandono en que están. Falta de conservación e de planificación.

Iso está privatizado?

De momento é municipal. É unha das poucas cousas que non están privatizadas.

Cambio de goberno. ACiP denuncia aumento de gasto. Qué nos ten que dicir?

No 2015 coa coalición BNG-PSOE, aumentan as adicacións exclusivas. Daquela cobraban seis concelleiros máis o alcalde que non tiña soldo porque era prexu-

bilado da banca. Chegamos a 2019, e o alcalde segue na mesma postura, pero cando entra a nova Alcaldesa que, obviamente ten que asignarse un soldo correspondente, e digno, o problema é que ela pasa a cobrar o soldo de Alcaldesa (49.000 euros brutos) pero non amortiza o que viña cobrando. Aí está o aumento. Hai por tanto un aumento na cantidade global que pasa dos 203.000€, nese momento a 297.000€. actualmente.

Tampouco entendemos que isto ocorra nun Concello no que está practicamente todo privatizado. Para facer qué traballos se lle paga a tantos concelleiros?.

A Oposición denuncia que o Concello estase endebedando a longo prazo. O equipo de goberno afirma que son préstamos que apenas se sinten e van dedicados a obras de investimento. Cal é súa opinión?

A miña opinión é que temos que ser coherentes. Cando os membros deste goberno estaban na Oposición, defendían que non se debía endebedar o Concello mais aló do que dura unha lexislatura. Agora, sen embargo, solicitan préstamos a quince anos. Queren desenvolver obras durante o seu mandato pero hipotecando o futuro de Ponteareas.

O problema é que vamos en 5.000.000 €. E os problemas reais de Ponteareas están resoltos? Os vertidos, unha circunvalación en

O PORRIÑO/ MOS

condicións, saneamento? Se te empeñaras niso, eu incluso estaría disposto a apoialas.

Qué opinas sobre a humanización de rúas e prazas?

Opino que temos que mellorar a calidade de vida dos cidadáns. Agora ben, ten que ir dentro dunha coordinación e planificación seria e non con esas situacións que estamos encontrando de que hoxe faise dunha maneira e mañá doutra, non hai unha supervisión das obras adecuada e as obras que se din van durar seis meses, duran un ano. Creo que non era necesario facelo todo de golpe.

Carrera será o próximo Alcalde no 2023? Sorpasso ao PP?

Obviamente, aspiramos a chegar ao goberno municipal e eu como alcalde.

Sorpasso pode habelo; pero quen o vai a decidir son os veciños. Tamén é certo que Ponteareas ten singularidades; o que non pasa en ningunha parte de España pode pasar en Ponteareas.

Cal é o peso electoral das parroquias con respecto ao centro urbano?

O peso electoral das parroquias está no 50%. Eu creo que de aí pode saír o novo goberno. Aquí no casco urbano temos 12.376 veciños (cifras de 2020), nas parroquias temos o outro 50%, doce mil persoas mais. Eu creo que abriuse o espazo político e electoral en Ponteareas e abriuse unha nova oportunidade de cara ás próximas eleccións dun cambio real en Ponteareas.

Podería haber outro partido en Ponteareas?

Sí, hai espazo tanto pola esquerda, polo centro ou moderado de centro. Nos resultados das eleccións 2019 me pareceu inxusto que Esquerda Unida non tivera representación. Con 585 votos e non conseguiu un representante. **Moitas grazas polas súas respostas**

O Porriño atende á veciñanza sobre a actualización de parcelas



Comezou a funcionar o espazo de información á veciñanza para aclarar dúbidas e consultas sobre a actualización da cualificación das parcelas, realizada pola Xerencia Territorial do Catastro en aplicación da lexislación vixente.

O punto de información é no salón de plenos, de luns a venres, e de 9 a 14 horas.

Para ser atendido hai que solicitar cita previa chamando ao 986 335000, extensión 7

(Alcaldía) ou a través da App "Bandomóvil, O Porriño Informa".

A alcaldesa Eva García interesouse polo funcionamento do punto de información que é produto dunha xestión da propia rexedora coa Xerencia Territorial do Catastro e co Organismo de Recadación da Administración Local (ORAL).

17.400 parcelas (dende a última revisión de valores que data de 1985) pasan a ter consideración de chan urbano.

Proxéctase instalar lombos e pasos de peóns sobreelevados na estrada O Porriño-Mosende

O Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra fixo chegar ao Concello do Porriño as actuacións previstas no "III Plan Móvese" para aumentar a seguridade viarias nas estradas provinciais que proxectan instalar "lombos" e pasos de peóns sobreelevados, na E.P. 2401. Concretamente nun

treito de 5 quilómetros entre O Porriño e Mosende, proxéctanse 5 redutores físicos de velocidade (lombos) e 8 pasos de peóns sobreelevados.

Ademais estas actuacións levarán aparelladas reformas dos tramos de beirarrúas e dos espazos de aparcadoiro ao carón dos pasos de peóns para facilitar a visibilidade.

Mos recibe ao seu Campión de España de + Enduro Master 50, Carlos Táboas, "Peri"

Alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, o concelleiro de Deportes, José Areal, e demais membros da Corporación Municipal recibiron no Concello, para homenaxealo, ao vixente Campión de España de + Enduro Master 50. O Campionato nacional disputouse o pasado 6 de xuño en Mugardos e Carlos Táboas erixiuse gañador. Tamén este ano quedou 3º no Campionato Galego de + Enduro Master 50.

Carlos José Táboas Pazo, "Peri", de 56 anos, é veciño da parroquia de Sanguñeda.

Ademais dos títulos logrados este ano (1º de España e 3º de Galicia) ten un amplo palmarés



no seu haber: 4 veces Campión Galego de + Enduro Master 50. 2 veces Subcampión de España de + Enduro Master 50. 1 vez 3º no Campionato de España de + Enduro Master 50.

O Festival de Cans recupera algúns dos seus espazos emblemáticos

A XVIII edición do Festival de Cans, que terá lugar do 1 ao 4 do vindeiro mes de Setembro, partirá do modelo que seguiu o pasado ano. Desde a organización trabállase na preparación dun certame extremado todas as precaucións, gardando as distancias sociais requiridas en cada espazo e manterase o esixente plan de limpeza e desinfección en cada xalpón.

A ampla carpa da Leira do Río volve acoller as actuacións principais e a entrega de premios, cun aforo de 300 persoas sentadas

e con distanciamento.

O certame volverá ao Invernadoiro de Mucha e Juan do Peso e recupera o Torreiro para coloquios e pequenas actuacións.

Con respecto aos chimpíns, o seu uso estará limitado a catro persoas, e só circularán de xeito honorífico para homenaxeados e equipos dos filmes.

As proxeccións na tarde do xoves, 2, serán no Centro Cultural Municipal, en lugar do Círculo Recreativo. As prescricións para as actividades e a venda de entradas poden realizarse en tenda.festivaldecans.com



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - redaccion@novasdeturonio.com
Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

LOURINHA

SALCEDA DE CASELAS

Salceda nomea o seu primeiro oficial de policía local

O Concello de Salceda de Caselas ven de nomear o que será o seu primeiro oficial de policía, logo dun proceso de promoción interna ao que se presentaron un e unha axente dos seis que forman actualmente o corpo de seguridade do municipio. O nomeamento deste oficial, xunto co da tesoureira habilitada nacional que se produciu hai uns meses eran compromisos do pacto de goberno entre MS e PSOE, e faise realidade logo dun proceso iniciado no ano 2020.

Con este nomeamento preténdese levar a cabo unha reorganización do corpo de policía que resulte máis funcional e que ofrezca un servizo o máis completo posible, sempre en coordinación coa Garda Civil do Porriño.



O novo oficial de policía, Roberto Cameselle, leva 14 anos de servizo no Concello de Salceda, e conta cunha completa formación que o capacita para

o posto que acaba de acadar, e que se fará efectivo en canto complete a pertinente formación na Academia Galega de Seguridade Pública.



O CDL de Torrón terá unha nova cuberta

O CDL de Torrón en Entenza vai mellorar a súa cuberta co cambio de tella. A nova será tella cerámica curva envellecida 40x15 cm. Instalarase tamén un sistema de recollida de augas pluviais nos beirados da cuberta.

O proxecto ascende a 39.984 euros máis IVE que asumirá o concello con fondos propios, con cargo ao orzamento municipal, dentro do plan de mantemento e conservación de edificios municipais. Proxima-

mente tamén se farán investimentos nos sistemas informáticos do centro coa montaxe dun servidor.

Verónica Tourón, alcaldesa e responsable da área de emprego e formación, "estamos a facer investimentos importantes neste centro de desenvolvemento local que acolle o servizo municipal de promoción económica que xa é referente na comarca. Un servizo prioritario que atende máis de 2000 consultas anuais".



o remendón CERRAJERO

24 HORAS

- Apertura de portas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SERVICIO OFICIAL **Duplinox**

Rosalía de castro, 61
Salvaterra de Miño

637 764 865
www.cerrajeroremendon.com

GASOLEOS TEA

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61

REPSOL

SALCEDA DE CASELAS

A Deputación investiu nos últimos 6 anos máis de 7,5 millóns de euros no concello de Salceda de Caselas

O concello de Salceda de Caselas recibiu nestes seis anos investimentos da Deputación de Pontevedra por máis de 7,5 millóns de euros, (7.585.950,77 €), a maior inversión feita nunca neste municipio pola institución provincial, que serviu para dotar á vila de equipamentos, servizos e dotacións que hoxe repasaron a presidenta provincial, Carmela Silva, e a nova alcaldesa, Verónica Tourón, no seu primeiro encontro institucional. Ambas mandatarias, avaliaron tamén o estado das obras que este ano Salceda de Caselas realizará co Plan Concellos e, por outra banda, a alcaldesa detallou o proxecto que fará o Goberno municipal co novo Plan provincial ReacPon: a rehabilitación do Centro Social da Devesa, que xa está en licitación e conta con todos os informes sectoriais.

A presidenta provincial e a alcaldesa avaliaron as seis obras que este ano Salceda de Caselas pode executar cos 681.826,74 euros que dispón do Plan Concellos 2021, proxectos todos eles xa concedidos pola Deputación: a reforma e acondicionamento das piscinas municipais (fase 1); a pavimentación en Pedra Carballa; a estrada da Farrapeira a sete camiños (fase II); a rúa Joaquín Fernández Sestelo; a reforma da praza de abastos; e a mellora de seguridade viaria en Bouza-Panda (Budiño). Salceda de Caselas ta-

mén ten aprobadas todas as accións da Liña 2 e da Liña 3, coa que pode financiar a contratación de 9 postos de traballo no concello, e se está tramitando a liña de axudas aos sectores máis afectados pola pandemia.

Investimentos en 6 anos

Dos 7,5 millóns de euros da Deputación, só co Plan Concellos Salceda de Caselas percibiu estes anos máis de 3,9 millóns, partidas coas que puido levar a cabo 42 obras, como a humanización das rúas Compostela, Rafael Tilve e rúa Coruña; a urbanización do acceso ao novo centro de saúde; o paseo fluvial e parque etnográfico do río Landres; a rehabilitación da antiga casa-escola de Vendanova; ou a mellora das instalacións deportivas de Penedo Redondo. Coa Liña 3 de emprego puido tamén financiar ata agora a contratación de 81 persoas desempregadas no Concello. Ademais, Salceda de Caselas foi un dos municipios beneficiados co Plan DepoRemse co que se realizou a urbanización do antigo campo da Feira da Devesa con máis de 468.000 euros; forma parte do proxecto de iluminación sostible de fondos europeos; dispón do servizo de Administración electrónica e o asesoramento "Smart-Peme".

Con respecto ás Infraestruturas, executáronse oito proxectos. Con case 1,5 millóns de euros a Deputación financiou entre eles a



"Primeiro contacto institucional entre a Presidenta da Deputación, Carmela Silva e a nova Alcaldesa de Salceda de Caselas Verónica Tourón.

actuación de mobilidade sostible na EP 2505 ao seu paso polo núcleo urbano, e a mellora de seguridade viaria entre Cerquido e Borrallíño. Tamén fixéronse máis de 30 actuacións co Plan Móvese así como en pintado de estradas, sinalizacións, rozas, atención a incidencias e conservación de firmes.

O concello participou en todas as liñas de Axudas sociais financiadas pola Deputación como o Plan de cofinanciamento, as axudas básicas de emerxencia, a teleasistencia domiciliaria ou as axudas extraordinarias pola COVID-19, cun investimento de me-

dio millón de euros. E nestes anos, 3.179 persoas e 63 colectivos participaron nos programas sociais provinciais. O mesmo en Igualdade, o concello obtivo subvencións da Deputación para a elaboración do II Plan de Igualdade ademais doutras accións; tamén se realizaron 29 cursos de Conectadas e o programa "Violencia zero" visitou a vila en dúas ocasións.

Desde Cultura recibiu financiamento para rehabilitación e sinalización do patrimonio, actividades, de dinamización do galego e á Escola Amigos de la Música; e desde Turismo formou

parte das campañas de promoción e dinamización da provincia e ten empresas adheridas ao selo de calidade SICTED. Finalmente, no Deporte, as liñas de subvencións chegaron a 8 clubs federados, 5 colectivos, 4 deportistas de elite que dispoñen de bolsas DepoDan e DepoPromesa, 15 rapazas e rapaces da vila participaron nos campamentos polideportivos e se traballa cunha Deporte escola de Balonmán. A Deputación tamén realizou nunha dúcia de ocasións labores de mantemento dos campos de fútbol da Gándara e do Penedo Redondo.

Óptica mahen
mahen Ópticos desde 1939

Nº Reg. Sanitario 2-32-000035

PONTEAREAS
rúa san antón canido, 4

CONFITERIA
Regino

Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de framuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

LOURINHA

TUI

Tres festivais e un encontro musical en Tui: Música no Claustro, IKFEM, Arraianos e MUMI

Música no Claustro

Do 1 ao 7 de agosto celebrábase Música no Claustro, Festival de Música, Patrimonio e Creación, que se desenvolverá na Catedral.

O programa de concertos arranca o día 1 de agosto cunha carta branca á oboísta galega IRIA FOLGADO DOPICO, solista da Konzerthaus Orchester Berlin. Unha residencia artística no festival xunto a Cristina Cordero (viola), Montserrat Egea (violoncello) e a tudense Sara Areal (violín) na que interpretan obras de Mozart, Britten e do compositor compostelán Fernando Buide del Real. Os conflitos e desafíos actuais están presentes na poesía do asturiano FERNANDO BELTRÁN, poeta e nomeador referente da súa xeración, que recitará o día 3. O mércores 4 unha segunda carta branca de creación a Begoña Riobó e Anxo Pintos, que conforman o dúo PÄRBO. Un concerto do organista italiano DAVIDE BUCI, o xoves 5, tras nove días de residencia artística na Catedral. Tres concertos a cargo de SEREN-

DIPIA ENSEMBLE (venres 6), grupo de música antiga conformado por frautas de bico e percusións históricas; a estrea do novo disco da artista indie CHLOÉ BIRD (sábado 7), producido polo músico galego Pablo Lesuit; e o concerto de ÁNGELES TOLEDANO (luns 2), unha das cantaoras máis destacadas da nova escena, que nos achega por primeira vez o flamenco ao festival.

O mércores 4 e o xoves 5 de agosto celébrase o foro profesional de instrumentos musicais #RESONANCIAS. Este encontro achega a profesionalización e divulgación dos oficios artesanais nun diálogo co tecido artístico.

IKFEM

IKFEM, International Keyboard Festival & Masterclass da Eurocidade Tui – Valença é un evento que, partindo da música de instrumentos de teclado, ofrece un amplo abanico de propostas culturais cun marcado carácter transfronteirizo, e que celebrará a súa IX edición do 18 ao 22 de agosto.

O 18 de agosto, a española Marta Zabaleta e o portugués Mi-

guel Borges interpretarán un programa cos ballets de Stravinsky no seu 50 aniversario, no Clun de Remo.

O xoves 19, un concerto fusiona flamenco e fado co pianista andaluz Andrés Barrios xunto ao fadista Marco Rodrigues.

O día 20 acollerá dous concertos: no Jardim das Amoreiras, Simant Duo, formación do virtuoso trompetista Rubén Simeó e o pianista Antonio Morant, que nos ofrecerán un concerto de bandas sonoras e temas populares baixo o título New Way. Xa de noite, e no Club de Remo, Mecánica Popular ofrecerá un concerto de música electrónica. Eugenio Muñoz e Luís Delgado, coa súa proposta Estridentismo exploran sonoridades desde inicios dos 70 cun variado espectro de instrumentos electrónicos e presenza numerosa de teclas.

O sábado 21 a cantante, compositora e pianista española Sheila Blanco, cantará ás poetas do 27 no Jardim das Amoreiras.

Xa o domingo 22 será Juan Carlos Cambas quen clausure a IX IKFEM. Pianista de Doce Pontes

durante unha década, presentará “A Viaxe”, un programa que percorre a súa terra natal, Arxentina, e a dos seus devanceiros: Galicia, Asturias e Portugal. O concerto, que se celebrará no Jardim das Amoreiras e contará con artistas invitados, todos eles iconas da cultura galega e portuguesa como João Afonso, Uxía, Rosa Leiro e Bellón-Maceiras.

Festival Arraianos

O festival Arraianos celebrará unha edición especial Xacobeo do 27 de agosto ao 5 de setembro “cunha estrutura cambiada” edición distinta coma explicaba a súa directora Andrea Costa. Avanzaba así que “as actividades cobran un papel esencial” fomentando a economía no sector da restauración do comercio local con cheques regalo e un premio e até mil euros para consumir en Tui.

I Encontro Profesional da Música Galego Portuguesa, MUMI

A Eurocidade Tui-Valença acollerá do 9 ao 11 de setembro o MUMI 2021, un encontro profesional do sector musical e cultural

galego e portugués. Na programación prevista figuran os concertos de 18 bandas dos que poderán gozar tanto os profesionais coma o público en xeral.

O concerto inaugural correrá a cargo da Orquestra Galego Portuguesa de Liberación, que precisamente se estrea neste evento. Tamén por parte galega estarán Familia Caamagno, Magín Blanco e A banda das apertadas, Oíma, Os d’Abaixo, O Sonoro Maxín, Pálida, Pulpiño Viascón, Silvia Penide e Xacobe Martínez Antelo Quinteto. E por parte portuguesa actuarán Barry White Gone Wrong, Cassete Pirata, Conjunto!Evite, emmy Curl, Jorge da Rocha, José Valente, Kaústika, Ruma e The Guit Kune Do. Das novas abordaxes da música tradicional á electrónica esencial, pasando polo jazz, o funk e o pop de autoría, os dezaoito showcases programados recollen a variada escena de ambas beiras do Miño. Haberá actividades na rúa e mesas redondas nas que abordarán distintos temas que “fagan que teñamos unha industria cultural máis forte”.

Éxito de participación do programa "Cultiva a mente"

Clausurada a actual temporada do programa Cultiva a Mente propiciado polo Concello de Tui e AFAGA para promover un envellecemento activo e saudable. Dende o pasado mes

de setembro participaron no mesmo máis de 60 mulleres e homes distribuídos nos grupos que semanalmente se reunían en Areas, Caldelas, Guillarei, Pazos de Reis e Rebordáns. Durante



hora e media á semana coñeceron coma funciona o noso cerebro, técnicas de aprendizaxe de

mellora, estimulación de distintas funcións cognitivas coma memoria, atención ou linguaxe.

Ademais Cultiva a Mente tamén fomenta a sociabilidade ao ser unha actividade grupal.

No acto de clausura na Ribeira de Caldelas, os e as asistentes do programa recibiron os seus diplomas da man do alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, do concelleiro de Servizos Sociais, Ismael Diz, e do presidente de Afaga, Juan Carlos Rodríguez.



Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
Rúa As Lavandeiras, 3 baixo Ponteareas

Talleres
Guiller Motor



Venta de vehículos usados

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)

Tel./Fax 986 66 15 41



Despedida en Tui ao equipo olímpico uruguaio

Os membros da selección uruguaia de Remo estiveron concentrados nas instalacións do Centro Especializado de Tecnificación Deportiva de Remo e Piragüismo, dende o pasado 12 de xuño. O ano pasado prepararan en Tui as probas clasificatorias para os Xogos Olímpicos. Tras acadar a praza para Toquio, o adestrador nacional uruguaio escolleu o noso concello para a preparación da cita olímpica.

En concreto participarán nos Xogos Olímpicos de Tokio, Bruno Cetraro, que será o abandeirado da delegación uruguaia, e Felipe Kluver, xunto ao adestrador Osvaldo Borchí.

Tamén estiveron no mesmo centro, Martín Zócalo, Leandro Rodas e Eric Seawright - que participaron a semana pasada,



na República Checa, no Campionato do Mundo Sub23 de Remo Olímpico, onde tamén competiu a remeira tudense Carlota González - e as remeiras Zoe Acosta, Cloe Callorda, Nicole Yarzon e Ynela Aires, que participaron no mes de xuño no Campionato de España, como preparación dos Campionatos Panamericanos.

O alcalde de Tui, Enrique Ca-

baleiro, o concelleiro de Deportes, Rafael Estévez e o concelleiro de Turismo, Laureano Alonso, xunto ao presidente do Club Remo do Miño, Manuel Ángel González e a remeira Carlota González, estiveron nas instalacións de remo de Tui, para despedir aos deportistas e desexarlles os mellores éxitos na súa participación na cita olímpica.

Inaugurada a mostra "Via Lusitana" na Sala Municipal de Tui

O pasado 13 de xullo inaugurouse en Tui a exposición "Via Lusitana. O espazo xacobeo no Norte de Portugal e Galicia". Está organizada pola Xunta de Galicia no marco das actividades do Ano Xacobeo 2021-2022, e conta nesta ocasión coa colaboración do Concello de Tui.

"Via Lusitana" realiza, a través de dez capítulos, unha síntese e recompilación do fenómeno histórico xacobeo relacionado co territorio portugués máis setentrional (do Douro cara o norte) e Galicia: o culto ao apóstolo, a historia común, as tradicións, o rico patrimonio histórico-artístico, a variedade gastronómica destas terras, a beleza da paisaxe e a tranquilidade e seguridade da peregrinación nos nosos días.



A exposición conta con paneis autoportantes, con pequenos textos en galego, portugués, castelán e inglés, ilustrados con fotografías de gran calidade, cartografía e dous vídeos: un sobre os Camiños de Santiago neste xardín de esencias, e outro sobre natureza e patrimonio.

Poderá visitarse na Sala Municipal de Exposicións até o 28 de agosto.

Entra en funcionamento a Oficina Virtual Tributaria

O Concello de Tui, a través do departamento de Tesourería, vén de por en funcionamento a Oficina Virtual Tributaria, OVT, accesible dende a web municipal. Trátase dun sinxelo sistema que está operativo as 24 horas dos 365 días do ano permitindo realizar os pagos dende calquera

dispositivo evitando desprazamentos.

A concelleira de Facenda, Yolanda Rodríguez, destaca que é a OVT é unha "ferramenta próxima e intuitiva" para a xestión de tributos, coa que "se achega á administración á cidadanía xa que dende calquera dispositivo, un teléfono móbil, unha tableta

ou un ordenador, e cunha tarxeta de crédito, se poderán efectuar os pagos sen ter que desprazarse ben a unha entidade bancaria ou á casa do concello".

Á Oficina Virtual Tributaria, OVT, pódese acceder directamente no enderezo tui.ovt.gal ou a través da web municipal www.tui.gal no enlace "Oficina Tributaria".

O Concello de Tui reclama ao goberno do Estado os cartos do desentullo de Paramos

O Concello de Tui vai dirixirse ao goberno do Estado para solicitar o reintegro do preto de millón e medio de euros anticipados pola entidade local para facer fronte

ao desentullo no barrio da Torre, en Paramos, tras a explosión de material pirotécnico rexistrada o 23 de maio de 2018. Así se acordou por unanimidade no pleno ordinario da corporación tudense.



PRECIOS BAJOS

TODO EL AÑO

San Roque, 18, A Guarda

Tel.: 986 611 343

Mail: info@banodepot.es

www.banodepot.es

TU TIENDA LOW COST EN CERÁMICA Y BAÑO

BAIXO MIÑO

A GUARDA

A praia do Muíño xa é Bandeira Azul



As praias de “O Muíño” e “Area Grande” do Concello da Guarda recibiron o distintivo de bandeira azul como recoñecemento á calidade medio ambiental e aos servizos que ofertan. Ademais concedeuse o “Sendeiro Azul”, camiño que une estas dúas praias.

O xoves 15 de xullo izouse a Bandeira Azul na Praia do Muíño tendo que renunciar ao distintivo en Area Grande ao non poder cumprir co compromiso do servizo de socorrismo. Ante a dificultade de completar a plantilla dos socorristas necesaria para dar servizo de salvamento nas dúas praias, acordouse que a praia do Muíño dispoña do servizo de luns a domingo de 12.00 a 20.00h e tentárase atender tamén con socorristas a praia de Area Grande sempre que sexa posible durante as

fins de semana.

A praia do Muíño dispón dos servizos esixidos por Bandeira Azul como paneis informativos, análise de augas, servizo de limpeza e de recollida de residuos, duchas e aseos, e o servizo de salvamento e socorrismo dende o venres día 9 de xullo. Ademais esta praia fluvial está acondicionada para persoas con discapacidade con pasarela accesible e cadeira anfibia que facilita o baño aos usuarios que o soliciten.

Ademais volveuse a izar na Praia do Muíño o distintivo de Ecopraia concedido por ATREGRUS, Asociación técnica para a xestión de residuos e Medio Ambiente. Este distintivo recoñece o esforzo da limpeza manual das praias xa que non se emprega maquinaria que remova a area, e respectar así o delicado ecosistema dunar.

O Alcalde da Guarda reúnese cos traballadores de IKF

O alcalde da Guarda, Antonio Lomba, estivo cos traballadores e a dirección de IKF para coñecer de primeira man os motivos do desencontro entre ambos que motivaron a rotura das negociacións dun novo pacto.

Antonio Lomba trasladou a súa inquedanza a ambas partes pola actual situación. A súa vez comentou cos traballadores que lle houbera gustado ter unha xuntanza con eles antes de romper as negociacións, como sucedera en

anteriores ocasións. Tamén lles amosou a seu apoio e trasladoulle a súa preocupación polo centro de traballo, unha das empresas máis importantes e grandes da localidade, que forma parte da historia da comarca.

Así mesmo comunicou a dirección e comité de empresa o seu desexo de que se retomaran, a maior brevidade, as negociacións, entendendo que queda marxe para chegar a acordos e que para conseguilo debe haber cesións por ambas partes.

Anxo Baz visitou aos traballadores e traballadoras en folga de IKF

O portavoz municipal do BNG Anxo Baz acompañado do concelleiro Xosé Manuel Méndez visitaron esta semana aos traballadores e traballadoras de IKF que levan 11 días en folga.

Os membros do comité de empresa explicáronlle aos representantes do BNG os motivos da folga que se concretan en rexeitar a dobre escala salarial que pretende manter a multinacional francesa e que implicaría que persoal da mesma categoría cobre ata 5.200 € anuais menos ao ano ademais da liberalización dos horarios que a empresa quere impoñer.

Pola súa parte Anxo Baz amosou a solidariedade do BNG coas traballadoras e traballadores da empresa, facendo a seguinte



reflexión, “estamos con vós porque sodes un exemplo de dignidade. Non só estades dando unha batalla polos lexítimos dereitos que vos corresponden senón dando a cara polas novas xeracións de traballadoras e traballadores que se integren na empresa”.



A GUARDA

O BNG defende unha alternativa sólida e práctica para o novo acceso ao porto

O pobo da Guarda dispón actualmente de dúas opcións para construír o Acceso Sur do Porto.

A alternativa 2, que defenden PSOE e PP, foi informada desfavorablemente pola Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galiza.

O informe da Xunta recoñece que hai outra alternativa máis acaída para o seu trazado, a alternativa 3, defendida polo BNG. Textualmente, indica: 'O proxecto contempla unha alternativa máis axeitada (Alternativa 3), cuxo trazado coincide maiormente cunha estrada existente. Dende o punto de vista da protección do patrimonio cultural e da contorna



paisaxística, debería desenvolverse a dita alternativa de trazado'.

Ademais, a alternativa do BNG supón aforrar medio millón de euros, garantir o informe favorable da Xunta de Galiza e facer realidade o acceso sur ao porto da Guarda. Fronte a esta posición

está o inmovilismo e inoperancia do PSOE, que leva tres anos co acceso nun caixón e cun alcalde que lle ocultou ao pobo da Guarda o informe negativo da Dirección Xeral de Patrimonio.

O PP en alianza co PSOE, evita que as cousas avancen.

A Deputación apoia o proxecto da variante do acceso sur do porto da Guarda

A Deputación de Pontevedra expresou o seu apoio ao Concello da Guarda no proxecto da variante do acceso sur do Porto como o mellor trazado posible para unha obra clave no desenvolvemento da vila. Nunha reunión celebrada na institución provincial, á que asistiu a presidenta Carmela Silva, o alcalde Antonio Lomba explicou que esta

alternativa de trazado é a mellor valorada desde todos os puntos de vista, a que escolleu desde un principio o persoal técnico da Deputación e do Concello, e tendo en conta factores como a afección ao medio humano ou o impacto medioambiental xa que non afectaría ás vivendas, nin ao litoral o que permitirá manter como principal o uso peonil e ciclista

da senda litoral, reducindo o tráfico de vehículos.

A Deputación está disposta a participar na xuntanza a tres bandas coa Xunta que propón o Concello e avalía a opción de coparticipar na financiación aínda que sexa unha competencia allea

O proxecto do acceso sur foi redactado pola Deputación a solicitude do Concello no ano 2018.

I Mostra Creativa do Baixo Miño

O Concello da Guarda e Acontravento, marca de roupa local, presentan a I Mostra Creativa do Baixo Miño, que se celebrará o día 31 de Xullo na Praza de Avelino Vicente (As de Copas). No evento participarán persoas deseñadoras, marcas e artesáns da nosa comarca.

A Mostra ten como obxectivos o apoio do talento creador de A Guarda e do Baixo Miño e o fo-

mento do consumo responsable e de proximidade, así como propiciar un lugar de encontro que permita a cooperación e colaboración entre os responsables dos diferentes proxectos que participen na Mostra.

Fátima Rodríguez, Concelleira de Desenvolvemento Local, puxo o foco na "importancia de apoiar este tipo de iniciativas de cara non só aos/as profesionais, senón tamén cara ao/á consumidor/a.

A Deputación destina 10.000 € para o proxecto "Érguete Emprega"



A deputada de Cohesión Social, Olga García, visitou as instalacións da Asociación Érguete Baixo Miño nas que se desenvolve o Proxecto "Érguete Emprega", integrado no seu Programa de Inserción Socio Laboral 2021

para o que a Deputación de Pontevedra destina este ano 10.000€. O proxecto, cun período de actuación anual, está a beneficiar a 10 persoas drogodependentes e ex-drogodependentes de Tomiño, A Guarda, O Rosal e Oia.

Presentación do libro "Páxinas da Guarda"



Oxoves 22 de xullo a Casa dos Alonso acolleu a presentación do Libro "Páxinas da Guarda", un libro que nace durante o confinamento coa idea de facer unha selección que abarcase a historia da Guarda e da Comarca, recompilando aqueles artigos de Antonio Martínez, Celso Fariñas e José Ángel Gándara que se publicaron nos distintos libros de festas locais de diferentes municipios do Baixo Miño.

Procedeuse ao escaneado deses artigos publicados ao longo dos anos, para amosalos nesta publicación que está realizada a proposta de Infomaxe, baixo o patrocinio do Concello da Guarda.

Montserrat Magallanes, Concelleira de Cultura, valorou moi positivamente esta iniciativa, agradecendo o labor realizado polos seus impulsores, pondo en valor un prezado material da historia da nosa vila.

No porto da Guarda

Segundo ano sen a Festa do Carme

Por Juan Louzán.

Sen a presenza da Virxe do Carme, patroa dos mariñeiros e traballadores do mar, sen cerimonia no porto, sen bispo, nin párroco, nin actos relixiosos como era tradicional nesta festa, as ilusións decaíron. Despois da misa na parroquial Santa María, e a bendición dunha coroa de flores, unha procesión da Irmandade da Virxe do Carme camiñou a distancia entre a igrexa e o peirao alto, para entregala ao patrón do volanteiro O Pioeiro. El mesmo lanzou a coroa ás augas

tranquilas do porto guardés, ao mesmo tempo que a tripulación levantaba os remos ao ceo en honra de todos os que morreron no mar.

A tripulación do barco do Clube de Remo Robaleira da Guarda tamén levantou os remos con igual sentimento.

Fogos artificiais, música gravada e momentos de emoción para os falecidos. Ante tanta escaseza de alternativas, os poucos asistentes que había marcharon ca pena de, por segundo ano consecutivo, non poder gozar do clásico festival da Virxe do Carme.



MISCELANEA

Dous novos workshops para o sector turístico en Valencia e Madrid en outubro

A Deputación de Pontevedra vai celebrar dous novos Workshops para difundir o destino provincia e fomentar a comercialización turística a través destes encontros e reunións nos que participarán profesionais de empresas turísticas da provincia e representantes das entidades emisoras. Como destacou a presidenta Carmela Silva, estas actividades, que terán lugar o 20 de outubro en Valencia e o 21 en Madrid, enmárcanse no actual “pistoletazo de saída para a reactivación do tu-

rismo na provincia” e están organizadas en colaboración co sector a través do Clúster “con criterios consensuados na selección das empresas”.

A presidenta lembrou que esta estratexia da institución provincial para o reforzo da colaboración público-privada co obxectivo de ser un destino competitivo iniciouse no ano 2018 en Barcelona e retómase agora ao poder desenvolver a actividade presencial.

Nestes dous workshops contarase coa participación de 25 empresas da provincia como “re-

presentantes de toda a cadea de valor”, das que o 50% aloxamentos, 25% axencias receptoras e o restante 25% oferta complementaria (enoturismo, gastronomía, turismo activo). O encontro terá lugar maioritariamente con touroperadores e empresas emisoras especializadas na comercialización dos recursos e de Rías Baixas como destino turístico.

Ademais tamén participará neste networking o Castelo de Soutomaior na súa labor de comercialización a nivel nacional.

Nova Depoandaina e as rutas de bosques terapéuticos de agosto



Tras o éxito que acadou a primeira DepoAndaina de este verán, que percorreu a Vía Verde dos concellos de Caldas, Portas e Vilagarcía, a Deputación de Pontevedra propón unha nova ruta que se adentrará nos Muíños de Golfariz, no concello da Estrada, o domingo 1 de agosto. A ruta, de dificultade media é para 200 persoas, e conta cunha distancia total de 12,5 quilómetros.

Bosques terapéuticos

A Deputación de Pontevedra tamén presentou as 13 rutas do programa Bosques Terapéuticos que se desenvolverán no mes de agosto por nove espazos naturais da provincia. As inscricións estarán abertas ata dous días antes do inicio de cada visita e para acudir a elas

tan só haberá que rexistrarse no sitio web da Deputación. (www.depo.gal). Poderán disfrutar desta rutas un total de 195 persoas, 15 por cada unha das saídas.

Serán dúas rutas polos Salóns do Lérez os días 1 e 28, no parque do Monte Aloia, en Tui, o día 6, e no espazo natural Arco da Vella, de Bembrive, os días 7 e 22. No Cabo Udra, en Bueu, hai dúas visitas os días 8 e 27, na ruta da Pedra e da Auga en Meis o día 13 e no Bosque da Picaraña, en Pontearreas, o día 14. Tamén hai programadas rutas polo Sendeiro Azul do río Verdugo, en Ponte Caldelas, o día 15, pola Senda do Almofrei, en Cerdedo-Cotobade, os días 20 e 29 e pola Fraga de Catasós, en Lalín, o 21.

Concerto gratuito de Óscar Ibáñez en Oia

A música do gaiteiro Óscar Ibáñez soará en directo o sábado 31 de xullo a partir das 9 da noite na Eira do Convento, nun concerto organizado polo Concello de Oia. A entrada é gratuíta e as prazas son limitadas, polo que o acceso será con inscrición previa.

O espectáculo desenvolverase con control de acceso e aforo, co público sentado e seguindo todos os protocolos da COVID-19. Así,

as persoas interesadas en asistir deberán reservar a súa praza enviando os seus datos ao correo electrónico cultura@concello-deoia.es. O prazo de inscrición rematará o venres día 30 ás 13.00 horas. Para máis información pódese contactar co Concello no teléfono 986 36 21 25.

O concerto conta coa colaboración da Consellería de Cultura da Xunta, a través do Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo.



GASTRO - TABERNA

Cocina Gallega



Madrid - Ortega y Gasset, 66 · Telf.: 914 014 445



As Pedriñas Novas



TOMIÑO

PSdG-PSOE Tomiño denuncia falta de transparencia do goberno do BNG

O PSdG-PSOE de Tomiño denunciou a opacidade do goberno do BNG na última Sesión Plenaria Ordinaria do Concello de Tomiño, celebrada o 12 de xullo, na discusión sobre a modificación de créditos que suporá un suplemento de crédito de 1.000.000€ que se financiará cun préstamo bancario, para sufragar, 14 anos despois, a construción da biblioteca pública; e a modificación puntual nº 9 do PXOM inicialmente aprobada.

Denunciou que a mesma está a exposición pública como corresponde, máis por ningunha canle do Concello foi publicado.

Noutros temas, a voceira socialista Violeta de Santiago preguntou por qué os veciños están a recibir uns recibos desorbitados por herdanzas e tamén sobre o novo trazado da autovía urbana na recta de Figueiró. Tamén denunciouse dende o PSdeG-PSOE que se deben gravar e difundir integramente os plenos muni-



Concelleiras do PSdeG-PSOE de Tomiño.

país, tras ser aprobada este demanda en novembro pasado e que, argumentan, non se está cumprindo.

Caos na atención primaria no Baixo Miño

Por outra banda, a deputada socialista Leticia Gallego estivo en Tomiño, acompañada por Violeta de Santiago e a concelleira Mirta Misa, para denunciar a caótica situación da Atención Primaria nesta localidade e na co-

marca do Baixo Miño.

Gallego anunciou que o PSdeG-PSOE está a presentar iniciativas no Parlamento de Galicia para que se cubran as vacantes no cadro médico do Centro de Saúde e se reabra con urxencia o Consultorio de Goián. Ademais, volve reclamar a ambulancia medicalizada para o Baixo Miño.

O PSdeG-PSOE Tomiño denuncia que dos 8 médicos que corresponden ao Centro de Saúde de Tomiño tan só están a pasar consulta 5 e non resulta extraordinario que, en ocasións puntuais, haxa só 4 ou 3, tendo en conta que o persoal desprázase para atender emerxencias ou visitar en domicilios. "É unha vergoña a atención sanitaria que se está a prestar en Tomiño", subliñou a deputada porque "por culpa da Xunta de Galicia, as/os traballadoras/es do Centro de Saúde deben multiplicarse para sacar adiante o seu traballo e atender a toda a poboación".

Tomiño destina 25.000 euros a un convenio coa Agrupación Musical de Goián



O Concello de Tomiño concederá unha subvención de 25.000€ á Asociación Sociocultural de Goián, que se constituirá nunha entidade de carácter oficial, tendo en conta –segundo reza a moción– que "a Agrupación Musical de Goián é un elemento esencial en termos culturais e musicais".

A medida foi adoptada durante o último pleno ordinario, co voto unánime dos grupos da corporación. A finalidade é colaborar coa Asociación Sociocultural de Goián para o financiamento da ACTIVIDADE ANUAL DA ESCOLA DE MÚSICA E DA AGRUPACIÓN MUSICAL DE GOIÁN. "Trátase dun proxecto consolidado que naceu en 1998 e que enche de cultura o noso pobo,

realizando actividades de carácter educativo e cultural no ámbito da música; un dos pilares é a labor que se leva a cabo na escola de música que ofrece clases para todas as franxas de idade, a nivel individual e colectivo e que integra distintas agrupacións, como a minibanda, a banda xuvenil, a banda das persoas adultas, etc.". Varios alumnos e alumnas superan cada ano as probas de acceso aos conservatorios profesionais de música, se organizan campamentos musicais, concertos didácticos escolares, Concerto de Nadal, etc. "Préstase moita atención á educación en valores, con charlas, fins de semana de convivencia, excursións, cursos e intercambios con outras agrupacións", sostén a proposta aprobada.



A deputada Leticia Gallego con socialistas locais denunciando a situación da Atención Primaria na comarca do Baixo Miño.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com



ALFESO
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B - 36860 PONTEAREAS - T. 986 66 00 00 - F. 986 66 01 03



Informática San Benito, S.L. - www.sanbenito.es - info@sanbenito.es
Plaza San Benito, 2 y 3 - 36780 A Guardia (Pontevedra) - Teléfono: 986 60 89 20

DEPUTACIÓN

A Deputación planta 1.200 árbores autóctonas no bosque do Castelo de Sobroso

Unha achega de máis de 45.000 euros da Deputación permitirá ao bosque de Sobroso recuperar o seu esplendor medieval. A actuación, que foi visitada pola presidenta, Carmela Silva, permitiu a eliminación de especies invasoras e a plantación de 1.200 novos exemplares de árbores autóctonas. Á visita asistiron tamén a alcaldesa de Ponteareas, Cristina Fernández; as deputadas Iria Lamas e Victoria Alonso; a tenente de alcaldesa, Chus Garrote e concelleiros/as ponteareáns.



Estes traballos enmárcanse no plan de valorización do Bosque Atlántico que rodea o Castelo, e consistiron na erradicación das especies invasoras existentes en 13 das súas 23 hectáreas (principalmente acacias e eucaliptos) e na plantación de car-

ballos, castiñeiros, acibros, albedros e ameneiros. A reforestación, que comezou a finais de 2020, trátase dun paso previo ás obras de musealización do Castelo adxudicada por preto de 262.000 euros, coas que a institución provincial está a impulsar

a posta en valor do recinto como espazo cultural e natural. O Castelo de Sobroso é un gran atractivo turístico da nosa provincia, que foi visitado en 2020 por preto de 11.000 persoas pese aos peches e as restricións derivadas da situación sanitaria.

O "Plan Concellos 2021" investirá 2,2 millóns de euros en 12 municipios

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra vén de aprobar novas achegas da Liña 1 de Investimentos do Plan Concellos 2021 por importe de 2,2 millóns de euros (2.253.705€) que beneficiarán a doce concellos da provincia: Agolada, Baiona, Bueu, Cangas, Forcarei, Ponte Caldelas, O Porriño, Salceda, Tomiño, Vila de Cruces, Vilaboa e Vilagarcía. "Recursos á disposición dos concellos para que a xente poida vivir alí onde decida porque ten os mellores servizos e os mellores dereitos", destacou a presidenta Carmela Silva. A maioría destas actuacións están destinadas á mellora da mobilidade e seguridade viaria, coa pavimentación de camiños e rúas, así como á mellora de servizos como o saneamento.

Vilagarcía terá 600.715€, Vila de Cruces, 471.313 €, Agolada, 77.557€, Forcarei 118.979€, Bueu recibirá 115.247€, Cangas 86.616€, Ponte Caldelas terá unha axuda de 144.972€, Vilaboa recibirá dúas achegas, unha de 76.407€ e outra de 83.256€, O Porriño recibirá, 135.023 euros para a rede de saneamento de varias vivendas en Portela de Souto, Baiona, 88.060€ para as obras de mellora de pavimentación, canalización de pluviais, sobreaños no camiño Casteliño, O Concello de Salceda, 90.483 euros para a mellora da pavimentación dun viario no lugar de Pedracarballa (Entenza). Tomiño disporá de 165.071€ para financiar a senda peonil entre a rotonda da variante do Seixo coa PO-344 e a rotonda da Pedra.

VALCARCE

supermercado 24 horas

AdBlue

LA PARADA

GASOLINERA, CAFETERÍA Y SUPERMERCADO 24H

TELF. 986 484 444

A QUEIMADIÑA A-52 SALIDA 291

María Jesús Mera González | Arquitecta ponteareana

"Sería interesante incorporar unha perspectiva ecourbana para Ponteareas"

María Jesús Mera González acaba de obter un premio no Festival Internacional de Xardíns de Ponte de Lima coa súa proposta "La Chapelle". Con ela conversamos para

Foro A Peneira-Novas do Eixo Atlántico sobre este evento, a súa experiencia profesional e os proxectos arquitectónicos que se están levando a cabo en Ponteareas.

Acabas de obter o premio no Festival Internacional de Xardíns de Ponte de Lima. Foi esta a túa primeira experiencia en eventos deste tipo?

Non, hai anos participei nun concurso de edificación do COAG cun proxecto de ampliación dunha vivenda tradicional. Foi unha intervención pequena na que se buscou o respecto e o dialogo coa existente, a unión co entorno natural e a implementación de sistemas de construción pasiva; e a verdade que o resultado foi moi bo.

Esta é a segunda vez que participo nun concurso, aínda que neste caso caso é de carácter internacional e relacionado co paisaxismo. Lembro que foi un día increíble no que me comunicaron que habían seleccionado o meu

proxecto como finalista entre 54 candidaturas de 14 países. Non mo podía crer. Estou moi orgullosa de ser a representante española, de ser de Ponteareas e de haber visto o xardín finalmente realizado, porque todo desenvolveuse durante a etapa máis dura da pandemia do COVID-19.

Como valoras tanto a idea deste tipo de concursos como a súa organización?

É unha gran oportunidade. En primeiro lugar porque permite expresarte sen límites de creatividade impostos máis que os do propio tema do concurso, que neste caso era ademais moi suxerente, "As relixións nos jardins", e foi por iso polo que decidín presentarme co xardín que chamei "La Chapelle". En segundo lugar, porque é unha fiestra que permite darte a coñecer

e entrar en contacto con outras culturas a través dos seus deseñadores e das súas propostas, o que é realmente enriquecedor.

En canto á organización, o concurso conta xa cunha ampla experiencia, este é o 16º festival que realizan, e iso notouse sobre todo pola capacidade de resposta fronte á situación de pandemia coa que se tiveron que construír os xardíns e despois organizar o acto de apertura que tivo lugar a finais de maio deste ano. Aínda que se ben é certo a exposición dos xardíns finalistas que estará aberta ata o 31 de outubro debería de haberse realizado o ano pasado, pero suspendeuse ao estar restrinxida a mobilidade de persoas.

O que me pregunta moita xente é como é o sistema de votación, se pódese votar en liña ao xardín que queres que gañe ou non; e neste sentido desde a organización optaron porque só poidan votar as persoas que vaian velos in situ a Ponte de Lima. A finais de outubro coñecerase o país gañador, pero simplemente o feito de ser seleccionado e de ver construída a túa idea, é xa o mellor premio.

No seu momento, entre 2017 e 2019, traballaches co Concello de Ponteareas en proxectos de rehabilitación e adecuación de espazos públicos. Neste sentido, como valoras os proxectos actuais? Entendes que pode haber outros espazos públicos a rehabilitar?

Estamos nun momento no que é de gran importancia a sustentabilidade do territorio, a rehabilitación e a rexeneración urbana, polo que son moi positivos os proxectos de recuperación de edificios e espazos públicos que se están levando a cabo en Ponteareas e que redundarán desde logo,



nunha mellor calidade de vida dos cidadáns. Aínda que quizais sería interesante incorporar neles unha perspectiva ecourbana e estratexias de deseño biofílico ou de natureza análoga, tanto en edificios como en espazos urbanos; sistemas que permitisen a integración do natural e da natureza na nosa contorna construída, sen limitar os seus ciclos e que fixesen máis amable a experiencia sensorial dos espazos nos que nos movemos todos os días, sobre todo no centro urbano.

Coñeces ou PXOM de Ponteareas, oficiosamente aprobado? Consideras que cumpre coas expectativas dos cidadáns?

Esta é unha pregunta de difícil resposta. O desenvolvemento dos plans xerais é algo complexo, son ferramentas moi potentes de ordenación integral do territorio nas que converxen e mestúranse factores de múltiples ámbitos, así que é moi complicado que haxa un consenso único por parte da cidadanía. No estudo escoito multitude de opinións en base á casuística de cada cliente, non sabía que dicirche, pero o plan debería ser, e oxalá o sexa, unha oportunidade real de desenvolvemento de Ponteareas e dos seus cidadáns para os desafíos que temos todos por diante.

Como valoras as túas experiencias profesionais coa Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña?

Traballar en diferentes ámbitos do sector público fai que teñas unha visión moito máis ampla da túa profesión ponche en contacto con persoas doutros campos e enriquecese moito a túa expe-


riencia profesional; pero o tema universitario é quizais un dos mellores sectores, porque che introduce nun mundo en constante desenvolvemento, movemento e innovación.

Que proxectos arquitectónicos estás levando a cabo actualmente?

Pois no campo da arquitectura agora mesmo no estudo estamos a desenvolver diversos proxectos de reforma, construción e rehabilitación de vivendas, locais, etc. e de recuperación de elementos da arquitectura popular. E doutra banda, tamén estamos a desenvolver un proxecto de investigación a maior escala sobre estratexias e implementación de deseño urbano biofílico e ecosostenible.

Cal é a túa opinión sobre as novas alternativas na construción de vivendas (ecolóxicas, sostibles, en contornas naturais, etc)

É algo crucial. Temos por diante un gran reto para alcanzar a neutralidade climática no 2050 e que se migre cara a fontes de enerxías renovables, e nisto o sector da construción xoga un papel moi importante porque contorna ao 40% das emisións proveñen de aquí. Así que, máis que unha alternativa, é algo co que nos debemos de familiarizar porque é xa unha realidade do noso presente, que mellora ademais notablemente a saúde das construcións e a calidade de vida dos usuarios. Moitas grazas e espero que vaiades a visitar a Exposición Internacional de Xardíns de Ponte de Lima e gústevos a miña proposta "La Chapelle".



Maquetas do proxecto La Chapelle premiado no Festival Internacional de Xardíns de Ponte de Lima.



Concello de
Mondariz

PROGRAMACIÓN

VERÁN



Domingo 1

XXXII Festa dos Oficios Artesáns. Praza de España.
Organiza CEAR Castromao.

Venres 6

20:00h Ruta seminocturna: "Os Segredos da Noite de Mondariz, Petroglifos e Estrelas". Subida aos petroglifos de Gargantala.
Inscripción previa na OMIX.

Sábado 7

11:00h Inauguración da exposición de pintura "Mulleres con Arte".
Praza de Abastos.
21:30h Scape Room Mocidade "Estrelas". Praza de España.
Inscripción previa na OMIX.

Xoves 12

10:00h Ruta Kayak Mocidade (rio Tea). Casa do Concello.
Inscripción previa na OMIX.

Venres 13

21:00h Presentación da Revista Cultural "Mondaricus".
Xardíns do concello.

Sábado 14

20:00h Espectáculo familiar "Maxia de Aquí e de Acolá" do mago David Méndez. Praza de España.
23:00h Concerto de "Volta e Dale". Praza de España.

Domingo 15

13:00h Concerto-Sesión vermú da Banda de Música Cultural de Mondariz. Praza de España.
19:30h Obradoiro + Espectáculo de monicreques "Contos en verso para nenos travessos". Praza de España.
23:00h Concerto de "BAIUCA". Praza de España.

Luns 16

13:00h Concerto-Sesión vermú da Banda de Música Popular de Rubiós. Praza de España.
20:00h Espectáculo de Clown e Novo Circo: "A Vida Tola de Pajarito". Praza de España.
23:00h Concerto dos grupos musicais "Llorente y Tribu" e "Supersonics". Praza de España.

Xoves 19

10:00h Ruta Kayak Mocidade (rio Miño). Casa do Concello.
Inscripción previa na OMIX.

Sábado 21

22:00h Cine na Rúa: Estrea da película "Cuñados" e posterior charla coloquio con dous dos actores protagonistas, Miguel de Lira e Federico Pérez. Praza de España.

Domingo 22

10:00h Depo-Andaina pola senda do río Tea. Praia do Val. Inscripción previa na Deputación de Pontevedra.

Sábado 28

10:00h Ruta guiada "Bosques do Tea e outros recunchos". Aparcamento anterior á baixada da Praia de Foxaca. Inscripción previa na OMIX.
22:00h Espectáculo teatral "Os nenos da Variola". Auditorio Municipal.



Setembro

Xoves 2

10:00h Saída Hidrospeed Mocidade (Arbo). Casa do Concello.
Inscripción previa na OMIX.

Sábado 4

22:30h Cine na Rúa. "Si yo fuera rico". Praza de España.

Domingo 5

19:00h Contacontos musical "Miña casaña, meu lar" con Caxoto.
Xardíns do Concello.

Sábado 11

20:30h Proba de Orientación Nocturna "ORIENTA-TEA".
Carballo da Armada. Inscripción previa na OMIX.

Sábado 18

19:00h Actuación musical do grupo de percusión, mimo e clown "Odallo". Praia fluvial do Val.

Venres 24

22:00h Espectáculo teatral: "Bernarda".
Auditorio Municipal.



Restaurante



O'Rianxo



algo diferente
no condado

Vilasobroso
Mondariz
telf: 986 654 434



milfollas

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com